

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colegiado:</b>
PLN/2022/6	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de ABRIL de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 21:00 ata 23:05 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

**Favorable**

**Tipo de votación**

Apróbase co voto a favor do BNG, PP e CO e a abstención do Partido Socialista a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrado en sesión ordinaria con data do 24.02.2022.

### 2. Expediente 159/2021. Subvencións Solicitadas a Outra Administración.

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 159/2021 e introduce brevemente de que trátase dun punto que entra dun expediente vinculado a unha subvención que solicitou cunha asociación. Falamos dun proxecto no que a participación de Concello supón a cesión dun centro para crear un centro de recuperación de lixo mariño, fase na Escola da Moa. Como requisito para esa axuda se faga efectiva é necesaria a obra de adecuación e acoller ese pequeno centro e para realizar actividades de difusión e actividades de sustentabilidade. É necesario a incorporación ao inventario de bens do Concello e durante o tempo que se indica no acordo mantelo para ese uso.

Toma a palabra a voceira do PP, a Sra Molinos que indica que entendemos que ese procedemento forma parte das esixencias e dos requisitos establecidos no programa de axudas, pero entendemos que xa estaban nas bases de axuda do ano pasada, 2021. Non entendemos que non se procedese por parte do goberno dunha forma máis dilixente, pero á vista do que nos ten acostumados non esperábase máis.



Vendo o requirimento do GALP preocúpanos os prazos, con data 14 de febreiro, que no prazo de 10 días deberán responder e que senón decaerá a súa petición. Pasaron eses 10 días e varios plenos polo medio e gustaríanos que nos explicasen se teñen resolta esta situación ou vai supor unha perda da subvención.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que é un proxecto que nos alegra e que poder optimizar o uso dos nosos inmobles e traballar con este tipo de proxecto son benvidos. Dito isto, efectivamente na información que nos facilitan o 14 de febreiro tiñan un prazo para presentar certos documentos. É curioso que en todas as comisións que houbo e plenos non incluíu esta subvención nin a súa obra, obra que nos atopamos que xa esta feita. Fállanlle os tempos e as formas, polo resto benvido sexa o proxecto.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que vai ver o Sr. Alcalde como a oposición deste Concello non bloquea a súa labor, eso que vostede tanto di, que a oposición bloquea o seu traballo. A oposición simplemente bloquea cando vostede non sabe facer as cousas. Neste caso dende o Partido Socialista cremos que é unha boa opción darlle uso ás infraestructuras do Concello e neste caso nós apoiámos a súa labora e a súa decisión. Non existe bloqueo institucional por parte da oposición.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en relación a esta tardanza que se produciu en boa parte foi derivada de certos contratempos da área de urbanismo. Estaba previsto traer este expediente antes pero non se puido completar o expediente ata fai unhas semanas.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que entenden coa súa explicación que non fixeron ningunha xestión para solventar o tema dos 10 días improrrogables ao que resposta o Sr. González que agardan que non haxa problema. A Sra. Molinos indica que entón o que sinalou de que podía engrosar a lista de perda de subvencións non é tan pouco probable e que ante isto pouco hai que dicir.

Toma a para a Sra. Suárez que indica que indicaba o compañeiro o Partido Socialista que a oposición bloqueárame e se o quixeramos bloquear tiñamos oportunidades e ocasións para facelo. Se vostede tivo sorte foi na oposición e cos traballadores do Concello de Outes e aínda así non escatima para desacreditarnos, pero o tempo porá a cada un no seu sitio. Efectivamente atopámonos ante outra subvención que vai ser perdida.



## VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

## ACORDO

**PRIMEIRO.-** Incorporar ao Inventario de Bens do Concello de Outes o inmovible “Escola da Moa”, cos datos catastrais, lindeiros e clasificación urbanística de dito ben, uso e valor, consonte co informe emitido pola arquitecto técnico municipal, D. José María García Mos e que se relacionan de seguido:

1º.- LOCALIZACIÓN: localizada no interior do terreo do parcelario catastral de Outes coa referencia catastral nº. 001501200NH03G0001RQ, está coñecida como “Escola da Moa”

2º.- NATUREZA : “Clase Urbana”.

3º.- UBICACIÓN : está situado no número de policía 36 do núcleo rural de Braño, parroquia de Sabardes (San Xoan), C.P. 15288, Concello de Outes, A Coruña.

4º.- LINDEIROS :

Norte : Camiño de Figueroa, Referencia Catastral nº. 15063A092090050000OU  
Terreo de Referencia Catastral nº. 15063A092000820000OW (Bouzas)

Este : Terreo de Referencia Catastral nº. 15063A092090060000OH (Bouzas)

Terreo de Referencia Catastral nº. 15063A092000930000OT (Bouzas)

Oeste : Camiño de Figueroa, Referencia Catastral nº. 15063A092090050000OU

Camiño de Braño, de Referencia Catastral nº. 15063A092090060000OH

Sur : Terreo Ref. Catastral 15063A092000930000OT (Bouzas)

Camiño de Braño, de Referencia Catral nº. 15063A092090060000OH

5º.- SUPERFICIE :

Planta Baixa 64 m2

Total : 64 m2

6º.- Edificación illada de planta baixa e única, usado antigamente como escola unitaria da parroquia de Sabardes, (San Xoán).



7º.- Título de Propiedade : Prescripción inmemorial De acordo cos datos que figuran no catastro do Concello de Outes a edificación data do ano 1970, e na actualidade presenta un bo estado de conservación, tanto interior como exterior.

8º.- USO: Cultural / ensinanza

9º.- VALOR: 42.691,56 €

**SEGUNDO.-** Manter o antedito ben no Inventario de Bens Municipal durante un período mínimo de cinco anos a contar dese o último pagamento efectuado pola Consellería do Mar provinte da axuda económica concedida para a rehabilitación do citado inmovible.

**TERCEIRO.-** Destinar dita edificación ao “Centro de Recuperación do lixo Mariño” e destinala ao fin para o que se concediu a subvención por un período mínimo de cinco anos.

**CUARTO.-** Solicitar ao Rexistro da Propiedade de Muros a inscrición do citado ben e a afectación do seu uso, segundo o previsto neste acordo.

*Apróbase o acordo por unanimidade.*

### 3. Expediente 296/2022. Modificación de Créditos.

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 296/2022 e introduce brevemente de que trátase dun crédito extraordinario tratándose de renovar dous adicados ao saneamento de Quintela Ousesende e outro para a Mellora do saneamento do Cruceiro de Roo.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que o único que temos que dicir é que a extrema lentitude co que tratan os asuntos municipais e co que tardan en sacar as licitacións e en executar as obras que están aprobadas. Igual ocupan demasiado tempo en estar presentes nos medios de comunicación e pouco en asuntos que non lle dan tanta foto.

Toma a palabra o Sr. Núñez do BNG que indica que creen que logo de tres anos e que o tempo vai poñendo a cada un no seu sitio pero o que se vai poñendo de



manifesto é a súa nefasta xestión do público. Vostede ven aquí a darnos clases pero os feitos falan por si mesmos, obras e obras que temos que aprobar 20.000 veces porque non son capaces de que se executen no seu momento. Creo que confunden varias cousas deben pensar que o Concello é un palacio e que as cousas de palacio van a modo, pero que non lles poida a soberbia, póñase as pilas, traballen por Outes e fagan as cousas no seu tempo. Isto non é máis que outra páxina nas súas malas xestións como goberno. Aproveitando este trámite para salvaguardar estas actuacións que son necesarias, queremoslle lembrar que o BNG presentou neste pleno e aprobouse en plano que se elaborase un plan integral de saneamento, que no día de hoxe non temos nin unha soa páxina. En que quedou o seu respecto a esta corporación? Onde está o plan de actuacións? Onde está o plan en vez de estar parcheando?

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que estramos ante outra demostración de bloqueo pola oposición, de obras aprobadas por unanimidade pola corporación. Vexa vostede que non existe tal bloqueo. Con respecto a este tema non é a primeira vez que lle pasa e que non será a última.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que reitera o dito e que o permiso de augas de Galicia demorouse 9 meses e non se puido facer antes.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que está todo dito vista a súa actitude e toma a palabra o Sr. Núñez que indica que con este preámbulo demostra coa súa actitude con este Concello, fixen unha pregunta moi clara, faleille sobre o plan de saneamento integral e creo que o mínimo que debe facer é dar contas aos veciños e veciñas de Outes e debería ter a deferencia de responder. Reitero facer parcheos non é unha boa xestión, algo tan importante como o saneamento integral merece un plan integral que segue sin presentar. Recórdolle que foi aprobado en 2019 neste Pleno, cumpra co seu traballo porque cobra o salario máximo establecido.

Toma a palabra o Sr. González que indica que este punto é para debater esta cuestión e que se vostede quere saber algo do que acaba de indicar pode facer unha pregunta e por outra banda, infórmese ben porque este Alcalde non cobra o salario máximo.

## **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:



CO: 5 votos a favor  
PP: 5 votos a favor  
BNG: 2 votos a favor  
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 296/2022, do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito extraordinario 1/2022 pola cantidade total de **158.693,53€**, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo ao seguinte detalle:

#### APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación		Descrición	CE 1/2022
Programa	Económica		
160	60900	Saneamento en Quintela e Ousesende	153.719,30€
160	61900	Mellora do Saneamento no Cruceiro de Roo	4.974,23€
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>158.693,53€</b>

#### APLICACIÓNS DE INGRESOS

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	158.693,53€
<b>TOTAL INGRESOS</b>				<b>158.693,53€</b>

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.



Apróbase o acordo por acadar a maioría necesaria para a súa aprobación.

#### **4. Moción BNG- Actuacións que deben impulsar os gobernos galego e central para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economías galegas.**

**Favorable**

**Tipo de votación**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

Exposición de Motivos:

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% % no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custo tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha





única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos.

Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Demandar do goberno central as seguintes accións:

-A intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma



permanente.

-A baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

-O Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

-A intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

-A revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

2. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza as seguintes accións:

-A redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

-A protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

-A revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.

3. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

4. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a



pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

Toma a palabra o Sr. Núñez para indicar que esta moción pertencía ao Pleno anterior polo que certas cousas e medidas xa se tomaron.

### **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que é certo que a situación económica é moi preocupante e que todo goberno debería reaccionar cando as familias e sectores sofren tantas dificultades. Cada día que pasa e non se toman medidas supón un día de perda de emprego, empobrecemento, destrución económica e de conflito social. Na moción que presentan propoñen unha batería de peticións de acordo na que se mesturan demandas de actuación con outras medidas que se están levando a cabo. No marco do Plan de Choque que se puxo en marcha pola Xunta o 17 de marzo e que se reforzou pouco despois xa saíron medidas inmediatas, citando a Sra. Molinos algúns exemplos das medidas xa tomadas. En canto a outras que fan alusión serían competencia do goberno central que o goberno galego xa lle propuxo, entendemos que se demanden solucións ante situacións que requiren dunha resposta inmediata pero que non se xuntes con outras peticións que en ocasións se solicitan a aquelas que non teñen a competencia sobre a materia demandada e tampouco que se reiteren peticións e actuacións que vostedes mesmos saben que están en marcha.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista que indica que ante tal magnitude de demandas e intervencións vou dicir que pouco a pouco o goberno do Estado está facendo cousas, menos das que debería o demandamos? Seguramente. Que pode facer máis? A min cando leo as súas verbas de intervención a intervención é a que está facendo Putin en Ucraína. Falan de intervención no sector enerxético, no mercado da vivenda e ou facemos o que se di ou non serve para nada. Son socialista non me cabe dúbida, que se están facendo cousas non me cabe dúbida, que quedan moitas por facer non me cabe dúbida, que deberíamos ir da man en moitas cousas tamén. Eu como socialista en Outes a miña intervención e non lle vou dar máis bulo que o necesario, estanse facendo cousas. Ao mellor preferimos que cambie o goberno e despois podemos volver a falar.

Toma a palabra o Sr. González que indica que sinala que subscribe parte da intervención do voceiro do Partido Socialista, referente ao goberno central e paréceme oportuna en moitos aspectos, efectivamente non se pode facer todo en todo momento. Nós hai en certas cuestións que en certas cuestións houbo



avances e noutros estanse actuando, hai outros aspectos que nos causan dúbidas como a intervención en que termos. A intervención pode ser en maior ou menor medida, hai cuestión que nos causan dúbidas pero temos claro que esta crise non a debe pagar as capas sociais da maneira que se pagou en 2008 e o grupo de goberno anuncia a súa abstención.

Toma a palabra a Sr. Núñez que indica que en primeiro lugar con respecto ás verbas do PP de que a Xunta está a realizar algunhas actuacións e que é certo que algunhas delas si pero pensamos que se pode ir un pouco máis alá, estas propostas son en positivo e a favor dos galegos e galegas cremos que é unha cuestión para ir da man e velar polos intereses xerais. Outras cousa é que podamos estar de acordo en certos puntos e noutros non, hai moitas propostas, é difícil estar de acordo no 100% pero si estamos de acordo no espírito. Con relación ao dito polo Partido Socialista de que o goberno pouco a pouco está a facer cousas, ao mellor podería ir máis rápido. O que nos queremos centrar é en ir da man entre tódalas formacións.

Toma a palabra o Sr. Caamaño e indica que o salario mínimo subeuno o Partido Socialista e falaba vostede de axudas polo aumento dos custes e iso acaban de facelo. Que ao mellor podería darse un pouco máis de presa ao mellor si, pero non chego aos niveis de gobernante, ministerios nin alcaldía.

## VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

*Apróbase a moción por acadar a maioría necesaria.*

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### PREGUNTAS PENDENTES PLENO ANTERIOR:

- Do PP:





- ¿Que prazo de prórroga se deu a si mesmo para a instalación destes valados este goberno que tanto autopresume de estar preocupado polo medioambiente e polo envellecemento do noso concello?

Responde o Sr. González que non hai ningunha razón distinta, os recursos que temos son limitados e hai prioridades e iso vaise facer e de feito xa se comezou a colocar no Cruceiro de Roo e agardamos que nas próximas semanas se coloquen os demais. A Sra. Molinos indica que si que están ao tanto.

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1.** É un pouco sorprendente como o noso Alcalde se toma algunhas cuestións, primeiro por como reacciona sobre a pregunta do PP e como mentres fala a nosa concelleira parece que vostede se vai durmir e non investir no patrimonio como vimos con anterioridade e as destine a outras cousas. É curioso que destine 35.000 ou 40.000 euros para o que ao final resultaron ser dúas prazas para descarga de bicis das autocaravanas que estamos pagando os veciños de Outes porque non hai facturas, en base a que? Iso é prioritario? Máis que preservar o no legado histórico? A vostede parécelle correcto vir aquí e dar clases de xestión pública e do que é a xestión dun concello e nin se lles acorra presentar unha enmenda que poderíamos ter estudado perfectamente? Parécelle correcto que o Concello de Outes vai en contra o persoeiro máis importante que ten?

Responde o Sr. González que si que nos parecen prioritarios e segundo se parecía correcto sobre a moción do Poeta Añón non vou a revivir o debate xa realizado, considerabamos que non era prioritario. Para nós parécenos que estes investimentos tamén son prioritarios.

O Sr. Núñez indica que lle parece rechamante que o Sr. Alcalde e o goberno en conxunto estean de acordo en deixar caer unha parte tan importante da historia de Outes como a casa natal do noso persoeiro máis importante que é o poeta Añón, votando en contra da nosa moción.

### **- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:**

- **BNG:**

**PREGUNTA 1.** Logo de que patrimonio e a Xunta tiveran que modificar o proxecto da Ponte Nafonso por ir en contra dos seus propios criterios e do sentido común, pedímoslle por escrito unha documentación que non nos proporcionou. Máis alá disto, que é o seu proceder incompetente habitual, gustaríanos saber se agora van



prestar algo de atención e van facer por coidar o patrimonio dos outenses. Revisaron a modificación do proxecto? Que opinión teñen dela e van facer algo ao respecto? Non se sinten responsables do atentado ao patrimonio, atrasos e paralización nas obras pola súa desidia e pasotismo dende o goberno local?

Responde o Sr. González indica que a pregunta formulouse o 30 de marzo orixinariamente e indican que nós non lle demos unha documentación e como sempre aproveitan para subliñar a nosa incompetencia é importante porque o 25 de marzo démoslle a documentación que nos solicitaron e foi o que lles trasladamos e foi antes de que fixeran esta pregunta. Pódolle comentar que soubemos que había un modificado por parte da Xunta para atender a dous aspectos un que aparece no informe con respecto á rasante que non se detectaron que había unha serie de cuñas para elevar a ponte e polo demais todo igual e en segundo lugar foi a substitución que estimou a Xunta o que trasladamos foi que en principio parecíanos adecuado que fora de pedra. O modificado ten estes inconvintes e non nos sentimos responsables senón que é a Xunta de Galicia, non quedando como nos gustaría intentar que esa rehabilitación estea feita o antes posible e coas maiores garantías.

Indica a Sra. Suárez que obviamente que a pregunta foi rexistrada tala achega de documentación, que non pedíamos, xa que, pedíamos a achega do proxecto. Se vostedes non tiñan o proxecto modificado fixéralo chegar por correo. Non é onde temos que poñer o foco. Di vostede que se modificou o proxecto porque apareceron unha serie de cuestión que non estaban sobrevidas fala dunhas cuñas, na resolución que nos fixeron chegar fálase dunhas grapas e con respecto ao peitoril de pedra era o máis axeitado e agora di que non se sente responsable. Non é cuestión de que quede mellor ou peor e que vaise degradar a Ponte e non vai ser a que tiñamos, esa obra vai quedar defectuosa. Non cumpren co acceso con discapacidade, hai unha serie de problemáticas que debería darlle importancia se fora un alcalde cun pouco de orgullo. Hai que poñer un pouco de interese e esforzo. O tempo porá a cada un no seu sitio.

Indica o Sr. González que quere indicar que vostedes non din a verdade sobre a documentación que pediron e fai lectura da petición feita polo BNG. É unha cuestión que agardamos que acabe ben e que este elemento do noso patrimonio máis alá de aspectos mellorables agardamos que teñamos unha solución final decente.

**PREGUNTA 2.** Ten vostede coñecemento do inicio da tramitación do parque eólico de Banzas e Maragouto? Que foi o que fixo Sr Glez para evitar que os veciños de



Banzas e Valadares non rematen vivindo nun polígono industrial/eólico con todas as consecuencias que iso conleva?

Indican os membros do BNG que a indicada pregunta decae.

**PREGUNTA 3.** A fonte d'añon leva moitos anos seca. Son moitos os veciños que levamos anos, dende que deixou de botar auga, a reclamar que se arranxe e se poña en valor. Fixo o goberno algunha xestión para arranxar a fonte d'añón? Se a resposta é afirmativa, que xestións se fixeron e cando estará operativa? Se a resposta é negativa, por que non se fixo ningunha xestión?

Responde o Sr. González que hai tempo que a fonte non ten auga e preguntados aos nosos traballadores indícanos que é un problema de cota e ao facer o novo paseo hai unhas pontes e debería pasar por debaixo. Estamos mirando se hai algunha solución.

**PREGUNTA 4.** Logo de completar o derribo do tanatorio gustaríanos saber: abonou xa a promotora o investimento adiantado polo concello?

Responde o Sr. González que en realidade a empresa depositaria unha fianza polo valor total do proxecto, polo tanto, esa fianza foi devolta en parte porque tivemos uns gastos de cerca de 60.000€ e a diferenza xa lle foi devolta.

**PREGUNTA 5.** O entroido deste ano tivo un enterro da sardiña especial, poderíamos falar incluso dun funeral íntimo. Por un lado está que a estrutura da sardiña estivo, durante toda a pandemia, abandonada nunha finca privada non sabemos moi ben a conto de que e por outro que fixeron o enterro afastado da xente e sen tempo para que se achegaran os entroides de Outes. Que opinión teñen sobre isto?

Responde o Concelleiro de Cultura o Sr. Ramos indicando que a estrutura metálica gardábase no exterior dunha finca con permiso do dono e xa hai unha tempada que se retirou e respecto ao propio enterro realizouse na parte de atrás do pavillón o que pasa é que estaba chovendo.

**PREGUNTA 6.** Levamos tempo rexistrando rogos para que actúen de urxencia nas marxes do río de Bendimón polo seu estado de abandono e, sobre todo, a súa perigosidade. Polo momento leva máis dun ano con derrumbes parciais e serios perigos para as persoas que usen os espazos públicos lindeiros. Pensan facer algo para evitar algunha desgraza ou van seguir mirando para outro lado?





Responde o Sr. González que si que pensamos senón que actuamos, adxudicamos un contrato para arranxar ese muro e resolver un problema co colector de augas. Hai esta actuación que estamos agardando o permiso de augas para realizar a actuación.

**PREGUNTA 7.** Incumpriron a moción aprobada en novembro para a incorporación de Outes á mancomunidade do lixo na que se especificaba a convocatoria de comisión informativa aos tres meses. Como era de esperar, non fixeron o seu traballo e demostraron, máis unha vez, a súa incompetencia. Cando pensan convocar a comisión e trasladarnos a información que lle esixiu o pleno desta corporación?

Responde o Sr. González que fixeron fai varios meses a solicitude á mancomunidade sobre a participación de Outes na mesma e estamos agardando a resposta. Nós convocar unha comisión sen ter novidades pois tocará cando a teñamos e falar o que teñamos que falar.

Toma a palabra o Sr. Núñez para matizar que recordará que lle preguntei e a primeira vez respondéronme que non puideron poñerse porque unha persoa do goberno estaba de baixa e que polo tanto non había ninguén na área de medioambiente. Gustaríame saber cando foi o rexistro de saída desa petición de información. Ao que o Sr. González indica que lle responderan no seguinte pleno.

**PREGUNTA 8.** Fai uns días fixeron unha publicación na conta oficial do concello pedindo que a veciñanza lles enviara información sobre aqueles lugares con problemas de cobertura telefónica e ou de internet. Pensan buscar esta información por algún outro método que non sexa unha publicación de Facebook?

Responde o Sr. González que o que pretendían era corroborar unha serie de datos sobre áreas da sinal da telefonía e fibra, fixémoslo por medio das redes sociais e Facebook. Gustaríame matizar unha cousa, que moitas veces indican que se moitas veces que se a xente non mira o Facebook non se entera pero a xente se entera e que moitas veces é a rede a que funciona. Non nos parece desafortunado facelo por este medio.

A Sra. Suárez indica que o goberno pretende que se solvente as zonas sombrías da sinal de internet porque un veciño lle de o recado a outro.

**PREGUNTA 9.** Cada día que pasa é máis notorio o abandono e perigosidade das estradas de Outes. En concreto podemos falar do tramo Seilán - A Ponte, Ribas de Mar - A Margarida ou Brión - Cruceiro, entre moitas outras. Nestas en concreto xa fai arredor dun ano que o noso grupo presentou unha moción ao respecto e, polo



momento, a situación non fixo máis que empeorar. Fixeron algunha xestión para darlle cumprimento a nosa moción e velar pola seguridade da veciñanza? Cales e cando?

Responde o Sr. González que fixémosllo chegar á Xunta a necesidade de mellorar estas dúas vías que sinala e nas dúas reunións co dirección xeral de estradas unha en 2020 e outra en 2021, fixémosllo chegar e é a Xunta de Galicia a que ten que responder.

Toma a palabra a Sra. Suárez para preguntar se a parte de trasladarllo por escrito, insistiu e trasladarlle a urxencia e a perigosidade non o tivo a ben, só é responsabilidade da Xunta. Vostede é o máximo representante dos veciños e veciñas do Concello de Outes, haberá que seguir insistindo.

Indica o Sr. González se o BNG insistiu no Parlamento sobre esta cuestión e o BNG indica que si ao que o Sr. González indica que sigan insistindo.

#### **- PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO:**

- **BNG:**

**PREGUNTA 1.** Veñen de saír publicados no DOG os parques eólicos de Maragouto e Banzas para a súa declaración de "utilidade pública". Cales son as xestións que pensa facer o Concello para evitar este abuso? Vai, desta vez, poñerse o Concello ao servizo dos Outenses?

Responde o Sr. González que efectivamente sda publicación que é un paso máis sobre estes parques, o que fixemos foi manifestar que non estabamos de acordo co plan sectorial eléctrico e os diversos proxectos e entendíamos que o sector eólico ten que facerse doutra maneira onde se reduzan os impactos sobre o territorio. Defendémolo con declaracións cunha serie de alcaldes e trasladámosllo en reunións á Xunta. De novo é a Xunta de Galicia quen ten competencia para isto. Nós cmo xa fixemos poñémonos a servizo da veciñanza neste seguinte prazo e seguimos pensando que a enerxía eólica debería ser reducindo o impacto sobre as comunidades rurais e imos seguir traballando nesa filosofía.

Pregunta a Sra. Suárez que en que momento o decidiu. Porque vostede cando fai os seus discursos quedan moi ben pero as actuacións non. Vostede non se tomou suficientemente en serio a problemática dos parques eólicos neste Concello que son cinco, que non é ningunha brincadeira. Dixémolo dende o primeiro, xogou a enredar e malgastou os cartos do Concello contratando unha asesoría, cando esa asesoría estaba contratada para dar cinco charlas e cando chegou a hora de facer as



alegación a asesoría xa non estaba contratada. Vostede chegou ao punto de dicirlles que non facía falta o rexistro para logo dous anos despois reunir aos veciños do Freixo e dicirlles que igual era ben que foran rexistrando os mananciais. Todo isto pasou. Agora o mesmo esta pasando cos parques eólicos. Atopámonos cunha serie de veciños nomeados na publicación que se lle van a expropiar os seus terreos e vostede non fixo nada por evitalo e fala vostede de que fixo un alegato, os alegatos quedan moi ben de cara a galería pero hai que ir máis alá e as cousas hainas que pensar e traballar.

**PREGUNTA 2.** A historia da privatización da illa da creba está pragada de irregularidades e movementos estraños. Tendo en conta que a mesma se produxo rexistrando o prédio no concello de Outes, a pesares de se atopar xa daquela no termo municipal de Muros, e que, recentemente, houbo modificacións no mesmo. Gustaríanos saber pois se houbo algunha solicitude de licenza (ou de calquer outra natureza) relacionada coa illa e se o concello emitiu algún documento ao respecto nos últimos 5 anos?

Responde o Sr. González que esta é unha pregunta que rexistrou ás 20:40 e o que pide non é algo que se poida conseguir dun día para outro, hai rexistros que están nunha aplicación informática dende hai 4 anos. No que nos consta é que non hai ningún documento pero podería haber algún documento que non estivera en formato informático e non houbo o tempo para as comprobacións. Se queren esa documentación pídana por escrito ao que o Sr. Núñez que pedirán dita información por escrito.

**PREGUNTA 3.** Máis alá da imaxe gráfica, que outras iniciativas están a levar para promocionar a cebola e o ceboliño de San Cosme? Cantos individuais se adheriron á campaña? Canto é o investimento?

Responde o Sr. González que esta iniciativa enmárcase en saberes e sabores dos produtos típicos de Outes que investimos 13.000€ que se presentou e que pode ter investimento nesta nova presentación. Esta campaña inclúe un vídeo de gravación e con distintos cociñeiros e medios de comunicación difundan a importancia e caracterizar máis en detalle a cebola e faremos máis iniciativas mediante reunións e actos onde expliquemos aos veciños, aínda que só hai unha produtora profesionalmente deste produto.

- **Partido Socialista:**



**PREGUNTA 1.** Porqué a día de hoxe e logo de 3 anos de rogarlle unha cousa tan sinxela como a posta dun espello de seguridade nun cruce tan perigoso como o de Entíns ó Rego, máis de 10 veces, segue sin colocarse por parte do concello?

Responde o Sr. González que veuse que ese cruce que a incorporación non ten ningún problema, unicamente podería ter a incorporación dende a Serra cara Entíns e estamos vendo se é oportuno e onde se pode colocar.

Indica o Sr. Caamaño que máis perigoso é baixar de Entíns porque non ves quen ven de abaixo o que poda si que o día que eu morra non terei problemas de visibilidade porque irei para Tarás e alí teño espello.

**PREGUNTA 2.** Saben vostedes tamén que preguntamos e rogamos polo lavadoiro do Mosteiro, a día de hoxe ¿descubríron porqué está sin auga e buscaron vostedes algunha solución?

Responde o Sr. González que preguntaron e os veciños deron conta e ao parecer o manancial quedou obstruído en certas parcelas privadas e non atopamos aínda o xeito doado de que este manancial recupere a solución.

**PREGUNTA 3.** O ano pasado vai alá e xa temos outro verán enriba, logo de rogarlle unha cousa tan sinxela e favorable para os nosos veciños e veciñas como era un “Ferro” para aparcar as bicicletas aqueles usuarios que queren desfrutar da praia de Broña sin ter que usar un vehículo a motor, e ver como se nos ignorou unha vez mais, queremos preguntarlle si pensan este ano darlle ese servizo ós veciños como vimos reclamando dende o P. Socialista dende o ano pasado, e de cantas prazas de levalo adiante estaríamos falando?

Responde o Sr. González que xa están mercados para a praia de Broña e para a praza de Galicia, mercamos cinco e teñen seis prazas. Adicaremos dous á praia de Broña.

#### **- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:**

- **PP:**

**PREGUNTA 1.** Sabemos a través de Decretos de Alcaldía que no ano 2021 o Concello adheriuse ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa de vixilancia e control fronte á vespa velutina e que se pretende corroborar esta adhesión este ano. Sen embargo non vimos ese convenio colgado na pestana de transparencia do



Concello nin o programa de xestión. Polo que lle preguntamos ao goberno municipal:

1. Cales son as condicións e compromisos que adquiriu este Concello con esa adhesión?
2. Cales son os pasos que debe seguir calquera veciño de Outes que detecte a presenza de un niño de velutinas para que este sexa retirado? Facemos esta pregunta porque moitos veciños de Outes non saben que facer cando sucede isto.

**PREGUNTA 2.** No pasado pleno ordinario do mes de marzo incluíron na orde do día, por certo sen telo levado á correspondente comisión informativa anterior, un punto no que pretendían que o Pleno ratificase un Decreto de Alcaldía no que vostede avocaba na súa persoa as competencias da Xunta de Goberno Local decretaba unha prórroga por un ano do contrato do servizo de asistencia no fogar. Na documentación asociada a este expediente inclúese un informe de Secretaría no que tal Decreto se declara nulo de pleno dereito, xa que, primeiro pasara o prazo de prórroga e segundo porque a Xunta de Goberno Local non é competente para esa cuestión senón que é o Pleno. Como finalmente a última hora vostedes retiraron a última hora da orde do día este asunto porque faltaba documentación para meter no expediente e nós cremos que se trata dun asunto de vital importancia. O que queremos saber é:

1. En que situación legal atópase neste momento o contrato de prestación de servizo de axuda no fogar.

- **BNG:**

**PREGUNTA 1.** O día 21 de marzo meteu por urxencia na Comisión informativa a renovación do contrato de axuda no fogar e cinco minutos antes do Pleno decaeu porque o expediente estaba incompleto. Segue vostede pensando, xa que non o trouxo a este pleno, deixou de ser urxente para vostede a renovación e prórroga do servizo de axuda no fogar?

**PREGUNTA 2.** No referente as sinais dos diferentes lugares. Que criterios seguiron para decidir que sinais se substituían e cales non? Que criterios se seguiron para escoller a tipoloxía de sinal? No contrato coa empresa non constaba a retirada das anteriores que se atopaban en mal estado e que seguen alí ao pé das novas e que dan unha imaxe lamentable?

- **ROGOS:**



- **PP:**

**ROGO 1.** Veciños da parroquia de San Cosme fixéronnos chegar a súa preocupación por varias situacións que se poden observar no entorno da igrexa. Parece ser que unha desafortunada manobra dun tractor tirou unhas pedras do muro do cemiterio e como caeron na cuneta cando chove desvíase a auga e inunda a estrada e esa auga súmaselle a auga do atascamento da cuneta dende a igrexa ata a Canteiriña. Ademais tamén lles preocupa que na zona da beirarrúa que sobe ata o centro social dende a igrexa na que se actuou fai pouco tempo as árbores da veira do balado quedaron coas raíces ao aire podendo virse abaixo con facilidade constituíndo un perigo para os transeúntes e para os vehículos que pasen. Rogámoslle ao goberno municipal que lle dea as solucións oportunas a estas demandas veciñais.

**ROGO 2.** No último Pleno non tivemos ocasión de repetirlle por décimo sexta vez que miraran de facer unha limpeza na veira da carreteira que vai de Entíns a Fontenlos. Cremos que vostedes non dan identificado os problemas. Cada día que pasa vai a peor está practicamente intransitable e é unha vergoña ver como están as veiras da carreteiras e creo que xa o expuxemos bastantes veces. Pedímoslle por décimo sexta vez que limpen as veiras desas carreteira para que os veciños de Fontenlos e Entíns e tódolos usuarios que pasen por ela pódano facer dunha maneira segura.

- **BNG:**

**ROGO 1.** Anunciaron varias veces os investimentos para a mellora do rural, 500.000€, investimentos que na maior parte deles pertencen aos distintos POS. O certo é que seguen a chegarnos queixas de distintos grupos veciñais nos que se refiren as necesidades da política diaria. A necesidade que teñen os veciños para desenvolver o seu día a día. A maior parte delas son necesidades que non precisan de grandes partidas nin de grandes investimentos pero requiren esforzo, traballo e contacto veciñal, pero vostede teima unha e outra vez en ignoralos. De nada serven os encontros veciñais e os rogos que trasladamos os distintos grupos neste Pleno. Por cousas que fai vostede lle pode parecer tan insignificantes como pode ser o bacheado ou non poder chegar a túa casa nunhas condicións dignas co teu vehículo ou a canalización das augas fluviais, ou executar a obriga por parte do Concello por prestar alumeadado público a todas as vivendas, espazos públicos e instalacións do noso Concello que teñen a correspondente licenza e temos espazos públicos, vivendas e instalacións que non teñen nin unha triste luminaria. A reposición de



contedores no noso Concello. Parece que vostedes teiman en este xeito de gobernar unha e outra vez que é empezalo todo e non rematar nada. Rogámoslle que elabore un plan de necesidades urxentes, necesidades que necesitan os nosos veciños para poder levar a cabo o seu día a día e desenvolver a súa vida cun pouco de seguridade. Rogamos que actúen segundo o plan que teñen de elaborar e que teñen que elaborar.

**ROGO 2.** Dentro das actuacións pendentes para mellorar a accesibilidade ás instalacións municipais gustaríanos falar da necesidade de instalación dun salva escaleiras a Casa da Cultura. Dende o noso grupo entendemos que non é suficiente unha rampla exterior para chegar á planta superior posto que os días de choiva unha persoa con mobilidade reducida tería que saír ao exterior simplemente para mudar de andar. Rogamos que estuden a posibilidade de mellorar a accesibilidade.

**ROGO 3.** A veciñanza da rúa do Poeta Añón e de Boel leva tempo pedindo que se coide esa zona, en concreto que se atenda o lavadoiro que nos últimos anos que se está a deteriorar rapidamente. Dende o noso grupo queremos resaltar a singularidade desta clase de patrimonio e é por iso polo que pensamos que é necesaria unha actuación para o seu mantemento e para a súa posta en valor, por iso rogamos que fagan as xestións necesarias.

- **Partido Socialista:**

**ROGO 1.** No pleno de marzo saíu vostede alporizado e ameazando cunha cuestión de confianza e falou do Chan industrial que non saíu adiante e púxose vostede á nosa disposición, o iso é o que eu entendín. Créame que estou ao seu favor pero xa me está tardando en convocala. Rógollo que se ten intención de sacalo adiante que teña reunións con nós.

**ROGO 2.** Vai dirixido ao Sr. Ramos, con respecto ao tema do autobús escolar e que só había cinco solicitudes e que se podería estudar outra maneira de ampliación. Rógolle que se pode manteña unha reunión comigo e coas familias afectadas polo tema do autobús escolar para poñerlle enriba da mesa as necesidades ou as axudas que realmente se precisan estas familias.

*Remata a sesión ás 23:05 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

